



Memoria de Actividade. OSIMGA

Ano 2025

Pleno do Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2026

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución.

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

ÍNDICE

1-	INTRODUCCIÓN.....	5
2-	OBXECTIVOS	6
3-	O OSIMGA en cifras. Ano 2025	8
4-	COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2025	12
5-	ACTUACIÓNS E PROXECTOS	26
5.1.-	LIÑA 1: Informes de carácter xeral.....	27
	5.1.1.-Fogares	28
	5.1.2.-Empresas	29
	5.1.3.-Sector TIC	30
	5.1.4. Administración dixital	31
	5.2.1.- Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural	33
	5.2.2.-Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero	34
	5.2.3.-Software libre nas empresas TIC de Galicia.....	35
	5.2.4.-Galicia Dixital: Software Libre nas Empresas de Galicia	36
	5.2.5. As Mulleres no Sector TIC.	37
	5.2.6.-O Hipersector TIC.....	38
	5.2.7.-A sociedade da Información e os Autónomos de Galicia	39
5.3.-	LIÑA 3: Proxectos en colaboración co IGE e no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026	40
	5.3.1.- Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e o INE.	41
	5.3.2.-[4106-01-AE06] Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural	42
	5.3.3.-[4101-02-OE06] Galicia Dixital: Sistema de Indicadores	42
	5.3.4.-[4102-01-OE06] Galicia Dixital: o sector TIC de Galicia.....	43
	5.3.5.-[4103-01-OE06 e 4103-02-OE06] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos.....	43

5.3.6.-[4102-02-AE06] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	43
5.4.-LIÑA 4: Sistema de información e vixilancia.....	44
5.4.1- Web OSIMGA www.osimga.gal	44
5.4.2- Vixilancia e análise de fontes de información externas	48
5.4.3 OSIMGA nos medios	49
5.5.-LIÑA 5: Colaboracións.....	50

1- INTRODUCCIÓN

Preséntase o balance dos servizos e actuacións desenvolvidas polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia na anualidade 2025.

O principal obxectivo desta memoria é difundir os resultados de todas as actividades realizadas polo OSIMGA durante ese período, de acordo coa planificación de actividades que figuraba no Plan de Traballo Anual 2025.

As actividades do OSIMGA enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030, dado que o Observatorio configúrase como o instrumento para analizar e avaliar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

A Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD 2030) determina o punto de inflexión de Galicia dende onde iniciar o cambio para construír e compartir un futuro dixital de Galicia, do que son partícipes a cidadanía, as empresas e as administracións. Ten o obxectivo de contribuír ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental.

A Estratexia Galicia Dixital 2030 apóiase no OSIMGA, como unidade que centraliza a actualización periódica dos valores dos indicadores relacionados co nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

OSIMGA deu cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, afianzando a colaboración establecida entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE).

Os froitos deste traballo e esforzo son a renovación e aprobación definitiva do proxecto técnico da administración dixital da xunta de Galicia e a renovación do proxecto técnico da Estatística da administración dixital dos concellos galegos.

O ámbito temporal do informe desta memoria é a anualidade que vai dende o anterior pleno anual, realizado en xullo de 2025, ata o actual, en xuño de 2026.

A Memoria do OSIMGA ofrece distintos indicadores de seguimento sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dunha maneira sistemática todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as observacións de carácter xeral como as de carácter temático.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como órgano de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa web como principal instrumento de difusión. Por último, abórdanse as actividades de colaboración en eventos, proporcionando información e indicadores, coa finalidade de contribuír á difusión do estado e da evolución das TIC en Galicia.

2-OBXECTIVOS



Órgano para avaliar o avance da Sociedade da Información

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nesta materia.

O OSIMGA proporciona información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

O observatorio foi creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril (DOG, 12/04/2013), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia.



Obxectivos do OSIMGA

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer, cunha visión global, o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que lle afecten á extensión da Dixitalización en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas Administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas con outros marcos xeográficos e tendencias evolutivas.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, e con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de especialistas ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e a difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia,

Memoria de Actividade do OSIMGA 2025

eventos formativos, noticias de actualidade ou ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades.

- Elaborar e presentar publicamente informes que reflectan a situación ou a evolución prevista.
- Facilitarlles datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, e promover liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.



3-O OSIMGA en cifras. Ano 2025

Figura 1. OSIMGA en cifras



Evolución do OSIMGA dende a súa creación

Desde a súa creación, a principios do ano 2010, o OSIMGA realizou ampliou a súa actividade de observación e análise dos indicadores da Sociedade da Información.

Anualmente OSIMGA realiza informes xerais sobre o sector tic, as empresas, a poboación xeral e a administración electrónica. Ademais elabora informes derivados destes, centrados en temáticas máis específicas como o uso do software libre, o uso das tecnoloxías máis disruptivas nas empresas, tecnoloxías no rural, xénero, xuventude, competencias dixitais, persoas tituladas en ciencias e tecnoloxías en Galicia ou autónomos no sector TIC.

Ademais, no 2025-26, realizáronse novas edicións de estudos temáticos puntuais sobre o uso das TIC das persoas maiores de 64 anos ("**Seniors Dixtais**"), informe sobre competencias dixitais da poboación galega e enquisa sobre a ciberseguridade nas empresas galegas, e a terceira edición do **estudo** "Talento dixital. Traxectoria dos perfís STEM en Galicia".

No 2025 realizouse a enquisa sobre ciberseguridade deseñada en colaboración con Cibergal, así como o correspondente informe de análise dos resultados obtidos, dando lugar ao primeiro informe do **estudo** "Informe sobre a ciberseguridade nas empresas de Galicia. Edición 2025". Ademais,

continuouse coa análise desagregada das competencias dixitais da cidadanía galega e co tratamento dos datos da enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares do INE, permitindo ampliar un ano máis o catálogo de indicadores difundidos. Tamén se elaboraron notas de prensa asociadas aos informes publicados e publicacións externas.

Ademais, en 2025 continuouse apostando por novas canles de divulgación mediante o deseño e realización de vídeos-pílulas informativas centradas nas publicacións e informes máis destacados, entre eles os relativos á ciberseguridade nas empresas, a dixitalización das empresas, a dixitalización do rural e os equipamentos tecnolóxicos nos fogares.

No 2025, en paralelo á renovación do proxecto do sistema de indicadores da sociedade da información, culminouse a adaptación do cadro de mando dinámico para a difusión do novo sistema de indicadores pola necesidade de adaptalo á renovación do proxecto técnico, o ano anterior. O cadro de mando do OSIMGA consolidouse como unha ferramenta de consulta e difusión das estatísticas de dixitalización en Galicia, permitindo o acceso a información actualizada mediante consultas personalizadas, selección de series temporais, visualización de gráficas e análise por áreas xeográficas e diferentes rangos de información sobre os indicadores de Galicia Dixital.

Neste capítulo preséntase un balance dos principais indicadores de xestión do Observatorio e móstrase a evolución que experimentaron, tanto o número de estudos e análises realizados as

consultas e visitas aos produtos e servizos que se ofrecen desde a web do OSIMGA. Todos os informes e indicadores son publicados na páxina web de OSIMGA, permitindo ser citados e compartidos baixo licencia Creative Commons.


O OSIMGA acada en 2025 a cifra de 43 informes na última anualidade, mantendo o elevado ritmo de publicacións dos últimos anos. É un máis que en anos anteriores, ao incorporar o informe sobre a ciberseguridade nas empresas de Galicia.

Respecto ao ano anterior, no 2025 incorporouse o "Informe sobre a ciberseguridade nas empresas de Galicia. Edición 2025" e o informe correspondente a "As Competencias Dixitais da Poboación Galega. Edición 2025".

No relativo ao informe de dixitalización nos Concellos, ao tratarse dun estudo de carácter bianual, non se realizou unha nova edición durante 2025. Porén, levouse a cabo a revisión e actualización do cuestionario co obxectivo de preparar o seu posterior lanzamento ao traballo de campo, que se está a desenvolver durante os primeiros meses de 2026.




Figura 2. Informes realizados



O OSIMGA comezou monitorizando en 2010 cen indicadores relativos ás TIC en diversos ámbitos: fogares, empresas, sector TIC e administracións. Actualmente, achéganse 975 indicadores avaliados anualmente polo OSIMGA que permiten atender ao singular perfil sociodemográfico existente en Galicia, os mesmos ca o ano anterior.

Figura 3. Número de indicadores monitorizados



Memoria de Actividade do OSIMGA 2025

Unha das conclusións máis relevantes e positivas que se observan neste exercicio de autodiagnóstico que realiza o OSIMGA é o seguimento dos proxectos e actividades a través da súa web.

O OSIMGA analiza a información de actualidade procedente de entidades externas, extraendo os datos destacados relativos á Comunidade Galega e observando as últimas tendencias en materia de Sociedade da Información e dixitalización. O boletín electrónico informa trimestralmente dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade. A acollida deste servizo queda reflectido nos 3.353 subscritores cos que xa conta o boletín do Observatorio.

As novas e publicacións do OSIMGA tiveron ampla cobertura e impacto en medios galegos, aparecendo mencionadas en 32 medios e webs diferentes no último ano, contribuíndo así a difundir o coñecemento sobre a situación da realidade galega e a evolución das tecnoloxías dixitais en Galicia.



Figura 4. Número de subscritores do boletín trimestral




4- COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2025

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2025 tiveron como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado no Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

O Pleno do Observatorio, celebrado o 28 de xullo de 2025, estivo presidido polo Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia e integrado por representantes das distintas Administracións públicas e Universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.

A estrutura do Pleno levado a cabo no 2025 corresponde ao seguinte organigrama:

Figura 5. Estrutura do pleno OSIMGA



Memoria de Actividade do OSIMGA 2025

Neste Pleno presentouse a Memoria Anual de 2024 e aprobouse o Plan de Traballo de 2025 do Observatorio da Sociedade Galega da Información e Modernización de Galicia. Tamén se presentou o Balance da Estratexia Galicia Dixital 2030, ano 2024.

Cabe salientar que no transcurso do Pleno adquiriuse o compromiso de consolidar e actualizar, ao longo de 2025, os informes temáticos desenvolvidos no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, reforzando así as liñas de análise periódica da evolución da sociedade dixital en Galicia. Entre os estudos obxecto de **actualización inclúense "Rapaciñ@s Dixitais", "Tecnoloxías disruptivas no sector TIC de Galicia" e "Tecnoloxías disruptivas das empresas en Galicia", todos eles integrados xa como informes regulares dentro da planificación anual do OSIMGA.** Co estudos temáticos adicionais acordouse elaborar unha nova edición do estudo de Competencias dixitais da Cidadanía e o estudo temático de Seniors dixitais.

Así mesmo, no ano 2025, mantense o desenvolvemento do estudo **"Talento dixital. Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia"**, de carácter bienal e orientado á análise da evolución profesional e empregabilidade destes perfís na comunidade galega.

Ademais, durante 2025, en colaboración co IGE e Ciber.gal, o OSIMGA realizou a tabulación, explotación, análise estatística, e o informe dos resultados da Enquisa de Ciberseguridade, actividade recoñecida como de interese estatístico para a Comunidade Autónoma de Galicia, ao tempo que se continuou avanzando na actualización dos proxectos técnicos relacionados coa administración dixital da Xunta de Galicia e coa Estatística da Administración Dixital nos Concellos Galegos.

Figura 6. O Pleno do OSIMGA 2025





Informe de grao de avance da “Estratexia Galicia Dixital 2030 - EGD2030”



Durante o ano 2025, as actuacións postas en marcha en relación coa EDG2030 derivaron na mobilización dun investimento total acumulado de máis de 390 millóns de euros, entre capital público e privado.

A esta cantidade é preciso engadir a importante achega derivada dos proxectos emprendidos polo CESGA - Centro de Supercomputación de Galicia, que licitou, con fondos MRR do PERTE CHIP, a construción dun novo Data Center por 13 millóns de euros e un supercomputador optimizado para IA FinisTerra IV por 25 millóns de euros. Abordou tamén o proxecto de despregamento dun Demostrador de Espazo de Datos, OneHealth Dataspace, por 3 millóns. No 2025 comunicouse tamén a concesión do proxecto para aloxar a EUROHPC JU 1Health AI Factory, por un importe de 82 millóns. **Suma polo tanto un total de 132 M€** proxectados á cantidade mobilizada pola EGD no 2025.

Este investimento mobilizado permite seguir avanzando na consecución dos obxectivos marcados en cada un dos eixos da Estratexia Galicia Dixital 2030 e polo tanto contribúe de maneira integral ao proceso de transformación dixital do territorio.

As inversións realizadas beberon de fondos propios da Amtega e doutras administracións galegas implicadas coa Estratexia, así como de fondos europeos.

No período 2021-2025, as actuacións postas en marcha derivaron na mobilización dun investimento total acumulado de máis de 1.3276 M€, entre capital público e privado.



Memoria de Actividade e Plan de Traballo de OSIMGA



O Pleno do Observatorio do ano 2025 aprobou o Plan de traballo anual e a Memoria de Actividades do ano 2024 que pode consultarse na web do OSIMGA www.osimga.gal

Liña 1: Observacións de carácter xeral

Liña 2: Observacións de carácter temático

Liña 3: Operacións no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026

Liña 4: Servizo de Información

Liña 5: Colaboracións



Novas liñas de estudo executadas no ano 2025:

Entre as principais novidades do Plan de Traballo do Observatorio que se presentou para 2025 destacábanse os seguintes estudos aliñados coa Estratexia Galicia Dixital 2030:

- Estudo específico sobre o grao de competencias dixitais da cidadanía galega. Nova actualización.
- Análise específica das tecnoloxías disruptivas do sector TIC de Galicia.
- Análise específica das tecnoloxías disruptivas das empresas de Galicia.
- Estudo específico sobre as persoas maiores de 64 anos: "Seniors Dixitais".
- Estudio específico sobre o "Talento Dixital: Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia. Nova Actualización".
- Renovación do Proxecto 4301-01-OE06: Estatística sobre a administración electrónica da Xunta de Galicia.
- Renovación do Proxecto 4103-02-OE06: Estatística da administración dixital nos concellos
- Adaptación do cadro de mando do sistema de indicadores ao proxecto técnico aprobado o ano anterior.
- Elaboración de vídeos-pílulas informativas para presentar os principais informes de OSIMGA.
- Colaboración con Cibergal para a realización do Informe sobre a ciberseguridade nas empresas de Galicia. Edición 2025.
- Renovación da páxina web, con novas funcionalidades e elementos visuais.

Estes compromisos adquiridos no Pleno OSIMGA foron executados nesta anualidade e preséntanse a continuación os seus resultados e conclusións.



“Talento Dixital: Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia”. Nova Actualización



Esta xa é a terceira edición do informe sobre perfís STEM en Galicia elaborado polo OSIMGA, consolidándose como unha das principais análises sobre talento dixital, formación tecnolóxica e empregabilidade en Galicia. Nas edicións anteriores xa se identificaran como principais retos a dificultade para incrementar o número de persoas egresadas en titulacións STEM, a persistencia da fenda de xénero e a crecente necesidade de perfís dixitais especializados por parte do tecido produtivo.

Como novidade desta edición, incorporouse como unha das principais fontes estatísticas a explotación da Enquisa de Poboación Activa (EPA) do INE, que achega unha ampla base de microdatos sobre emprego a nivel galego e estatal. Esta información permite ampliar o alcance das análises, ao estudar a situación laboral da poboación residente en Galicia con independencia do lugar onde cursara os seus estudos ou obtívese a titulación.

Ademais, incorporouse unha metodoloxía cualitativa baseada en entrevistas en profundidade a responsables de recursos humanos e directivos de empresas de ámbitos STEM. Estas entrevistas permitiron identificar as competencias transversais e habilidades máis demandadas, coñecer as expectativas das empresas respecto das persoas tituladas STEM, analizar as condicións laborais e oportunidades de desenvolvemento profesional, así como explorar percepcións sobre a fenda de xénero e posibles estratexias para reduci-la.

As titulacións STEM adquiren un papel cada vez máis estratéxico debido á crecente integración das TIC en todos os sectores económicos. A propia Comisión Europea continúa advertindo en 2025 da existencia de centos de miles de vacantes dixitais sen cubrir en Europa pola escaseza de profesionais con competencias tecnolóxicas especializadas.

As persoas tituladas en carreiras STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) en Galicia presentan unha taxa de ocupación superior ao 92 % nos dous primeiros anos tras rematar os estudos, situándose dous puntos por riba da media das restantes titulacións do Sistema Universitario Galego (SIUG). Ademais, esta taxa incrementouse en 5,6 puntos nos últimos catro anos.

O informe constata tamén que as persoas tituladas nas ramas STEM presentan mellores indicadores de empregabilidade e unha incorporación máis rápida ao mercado laboral. O tempo medio para acceder ao primeiro emprego sitúase en 4,2 meses, fronte aos 6,5 meses das restantes titulacións. No caso das enxeñarías tecnolóxicas, este período redúcese ata os 2,4 meses.

Máis do 90 % das persoas tituladas STEM desempeñan postos acordes ao seu nivel universitario, unha porcentaxe que alcanza o 94,6 % no caso das enxeñarías tecnolóxicas, fronte ao 83,7 % rexistrado para o conxunto das titulacións do SUG.

Estabilidade laboral

En relación coa estabilidade no emprego, máis do 80 % dos contratos das persoas tituladas en carreiras STEM son indefinidos aos cinco anos de finalizar os estudos, fronte ao 71,4 % da media do Sistema Universitario Galego. Esta porcentaxe acada o 89,5 % entre os titulados en tecnoloxías e o 88,4 % nas restantes enxeñarías STEM.

Formación Profesional STEM

O estudo incorpora tamén información sobre o papel da Formación Profesional nos estudos STEM, destacando taxas de inserción laboral superiores á media da FP (85,8 %) e unha maior rapidez de acceso ao primeiro emprego nas familias profesionais de carácter tecnolóxico.

Fenda de xénero nas disciplinas STEM

A participación feminina nas titulacións STEM continúa sendo reducida, representando o 35,7 % no ámbito universitario. As maiores desigualdades seguen localizándose nas enxeñarías e nas tecnoloxías da información. No ámbito da Formación Profesional, aínda que catro de cada dez estudantes son mulleres, nas familias profesionais tecnolóxicas a presenza feminina límitase ao 12,6 %.

A pesar das diferentes iniciativas orientadas ao impulso das vocacións STEM entre as mulleres, o avance continúa sendo lento, o que evidencia a necesidade de reforzar políticas educativas inclusivas e actuacións que contribúan a visibilizar referentes femininos no ámbito científico e tecnolóxico.

Demanda de perfís dixitais no sector TIC

A pesar de que o Sistema Universitario Galego mantén unha proporción estable de alumnado en titulacións STEM (28,2 %) e de que a Formación Profesional reforza progresivamente o seu papel estratéxico, a oferta formativa aínda non cobre completamente as necesidades actuais do mercado laboral, especialmente nos perfís dixitais emerxentes.

O sector TIC galego continúa rexistrando un crecemento sostido do emprego, cun 68,2 % de profesionais con formación STEM. Porén, tres de cada catro empresas TIC sinalan dificultades para contratar persoal cualificado, especialmente en ámbitos como intelixencia artificial, ciberseguridade ou análise de datos, poñendo de manifesto a necesidade de continuar reforzando a especialización tecnolóxica e os programas de actualización continua de competencias dixitais.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/talento-dixital-traxectoria-dos-perfis-stem-en-galicia>



Este informe elabórase no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, centrada no novo contexto da transformación dixital, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo **prioritario e dará lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ningunha atrás”**.



A información provén da análise da explotación dos datos da Enquisa sobre equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares que desenvolveu o INE en 2025 aplicando metodoloxías propostas polo INE e EUROSTAT.

O 61,4% da poboación galega de entre 16 e 74 anos conta con competencias dixitais básicas ou avanzadas, cun incremento de 1,6 puntos porcentuais nos últimos dous anos. Este avance débese principalmente ao crecemento das competencias dixitais avanzadas, que xa alcanzan a máis dun terzo da poboación. No 2025, o 37,6% de galegos e galegas entre 16 e 74 anos ten competencias dixitais avanzadas, é dicir, máis dun terzo dos galegos/as dispoñen de nivel avanzado de habilidades dixitais nas cinco dimensións; información e alfabetización, comunicación, creación de contidos, resolución de problemas e seguridade, polo que é a categoría máis numerosa.

Galicia sitúase nunha posición intermedia-alta no contexto europeo, con valores superiores á media da Unión Europea no indicador global de competencias dixitais.

Comunicación, seguridade e creación de contidos: fortalezas e retos

A competencias relacionadas coa Comunicación e Colaboración son as máis estendidas entre a poboación galega. En 2025, o 92,8% dos galegos e galegas de entre 16 e 74 anos dispoñen de competencias dixitais básicas ou avanzadas neste ámbito. Galicia sitúase por riba da media europea nesta dimensión, aínda que a media estatal continúa rexistrando valores lixeiramente superiores.

A dimensión que experimentou unha evolución máis destacada nos últimos dous anos foi a Resolución de problemas, na que a porcentaxe de poboación con competencias dixitais básicas ou avanzadas pasou do 84,8% ao 86,8%.

Destaca tamén a dimensión de Seguridade dixital: o 77,3% da poboación dispón de competencias básicas ou avanzadas neste ámbito, situándose as competencias avanzadas no 64,7%, claramente por riba da media europea.

A Creación de contidos dixitais continúa a ser a área con menor nivel en Galicia e no Estado. En 2025, o 68,1% da poboación galega presenta competencias básicas ou avanzadas nesta dimensión.

En Información e alfabetización de datos os resultados son moi positivos. En 2025, o 86,5% da poboación galega dispón de competencias básicas ou avanzadas neste ámbito, igualando a media europea e situándose próxima á media estatal.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/competencias-dixitais-da-poboacion-galega-ano-2025>



No marco do Eixe Transversal de Especialización Tecnolóxica da Estratexia Galicia Dixital 2030, durante o ano 2025 o OSIMGA participou na elaboración e análise da primeira edición da Enquisa de Ciberseguridade nas Empresas Galegas.

A enquisa foi desenvolvida en colaboración coa Subárea de Seguridade da AMTEGA, Ciber.gal e o Instituto Galego de Estatística (IGE), no marco do "Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Instituto Galego de Estatística para optimizar as estatísticas no ámbito da sociedade da información". No ámbito desta colaboración, o IGE encargouse do deseño mostral, do traballo de campo, da depuración da información e da aprobación do proxecto técnico no Consello Galego de Estatística, mentres que o deseño do cuestionario, a planificación e a análise dos resultados realizáronse de forma coordinada entre o IGE e o OSIMGA.

Esta colaboración permitiu tamén impulsar a redacción do proxecto técnico "4102-03 Enquisa de ciberseguridade nas empresas galegas", previsto para a súa continuidade e consolidación en futuras edicións estatísticas.

O principal obxectivo do estudo foi identificar o nivel de preocupación das empresas galegas en materia de ciberseguridade, coñecer as medidas preventivas adoptadas, os incidentes sufridos, os recursos destinados á protección fronte ás ameazas cibernéticas e as actuacións desenvolvidas.

O phishing externo constitúe o incidente de ciberseguridade máis habitual nas empresas galegas, afectando ao 10,2 % das organizacións, seguido da suplantación de identidade interna e dos ataques mediante virus informáticos ou denegación de servizo. Entre as principais consecuencias derivadas destes incidentes destacan a indispoñibilidade dos servizos tecnolóxicos, a perda de produtividade e os custos económicos asociados á recuperación dos sistemas afectados.

A análise evidencia tamén unha relación directa entre o tamaño da empresa e o impacto dos incidentes de ciberseguridade, concentrándose as maiores consecuencias nas empresas de 50 ou máis persoas empregadas. Ademais, máis dun terzo das empresas que sufriron incidentes recorreron a asistencia externa especializada ou aos corpos e forzas de seguridade.

En materia de prevención, o estudo revela que o 81,6 % das empresas galegas aplican medidas de seguridade nos seus equipamentos e comunicacións tecnolóxicas. Tamén se observa un incremento progresivo do investimento en ciberseguridade e da realización de actividades formativas orientadas á sensibilización e capacitación do persoal empregado.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/informe-sobre-ciberseguridade-nas-empresas-de-galicia-edicion-2025>



O informe Seniors Dixitais enmárcase dentro do obxectivo 2.1 da Estratexia Galicia Dixital 2030, “A inclusión dixital da sociedade”, no que a capacitación dixital da cidadanía constitúe unha prioridade estratéxica para avanzar cara a unha sociedade dixital inclusiva e garantir que ningunha persoa quede atrás no proceso de transformación dixital.

Este estudo representa unha aposta por incorporar á análise da dixitalización a totalidade da sociedade galega, prestando especial atención á evolución das competencias dixitais e do uso das TIC entre a poboación de maior idade.

Para a súa elaboración utilízanse os resultados do módulo TIC da Enquisa Estrutural a Fogares realizada anualmente polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Usos de internet

O uso de internet entre os galegos e galegas maiores de 74 anos creceu máis dun 30% no último ano e xa o emprega case un terzo destes usuarios. O uso de internet entre as persoas de 65 e 74 creceu un 13,5% nun ano.

Máis do 17% das persoas maiores de 74 anos realizan compras en liña, un 50% máis que hai tres anos e no tramo de 65 a 74 anos, a cifra sitúase en preto do 26%.

Cerca dun 65% das persoas de entre 65 e 74 anos e máis do 40% dos maiores de 74 anos fan uso da administración dixital para realizar as súas xestións.

Outras das actividades máis habituais do internautas seniors son a busca de información sobre produtos ou servizos, as chamadas e videochamadas –usadas polo 86,9% das persoas de 65 a 74 anos e polo 79,5% das maiores de 74–, así como a lectura de noticias, xornais e revistas en liña.

Dispositivos e conexión

Hai un incremento no uso de dispositivos electrónicos: o 83,4% das persoas de 65 a 74 anos emprega smartphone, mentres que no grupo de maiores de 74 a cifra alcanza o 43,1%. Máis dun terzo das persoas entre 65 e 74 anos usa ordenador, fronte a un 11% no caso dos maiores de 74.

En canto á conexión a internet nos fogares, o 67,6% que teñen residentes maiores de 74 anos dispoñen xa de internet, un 7,1% máis que no ano anterior. Ademais, máis do 78% destes fogares contan con velocidades iguais ou superiores a 30 Mbps.

A análise tamén pon de manifesto diferenzas segundo o sexo: mentres que no tramo de 65 a 74 anos o acceso a internet é practicamente idéntico entre homes e mulleres, a partir dos 74 anos a fenda amplíase, con 34,2% de internautas homes fronte ao 26,1% de mulleres.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/seniors-dixitais-edicion-2024>



Nos compromisos do pleno do 2025, o OSIMGA incluíu elaborar un análise das tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial TIC galego.

É a quinta edición deste estudo, enmarcado dentro dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EDG2030), que inclúe entre os seus obxectivos, o impulso ás capacidades e infraestruturas dixitais en tecnoloxías disruptivas.

O obxectivo principal desta análise é identificar o grao de adopción da Intelixencia Artificial, aprendizaxe automático a través do Big Data, Chatbots, Cloud computing, etc.

A Intelixencia Artificial sitúase como unha das tecnoloxías con maior crecemento, xa que o 38,3 % das empresas TIC galegas empregan ou comercializan solucións baseadas en IA, o que supón un incremento do 29,8 % respecto ao ano anterior.

Tamén continúa consolidándose o uso da Internet das Cousas (IoT), presente no 36,6 % das empresas TIC galegas, mantendo unha evolución positiva e sostida respecto a 2023.

Os instrumentos baseados en Big Data mantéñense estables, sendo utilizados polo 35 % das empresas do sector durante 2024, o que confirma a consolidación destas ferramentas de análise avanzada de datos no ecosistema TIC galego.

Un 6,5 % de empresas TIC que utilizan robótica. Entre elas, o 22,5 % empregan robots industriais e o 35,2 % robots de servizos.

A tecnoloxía Blockchain presenta unha evolución especialmente destacada. O 40,2 % das empresas TIC utilizaron ou comercializaron solucións asociadas a esta tecnoloxía en 2024, cun crecemento do 46,7 % no último ano, converténdose na segunda tecnoloxía disruptiva no sector.

No caso dos xemelgos dixitais e tecnoloxías de simulación, o seu uso alcanzou o 22,6 % das empresas TIC galegas, máis do dobre do rexistrado en 2020.

Os servizos e ferramentas relacionados cos *chatbots* son utilizados ou comercializados polo 36,4 % das empresas TIC en 2024, cun incremento acumulado do 118 % desde 2020.

A realidade virtual e as solucións de telepresenza están presentes no 25,5 % das empresas do sector TIC galego, rexistrando un crecemento do 78,3 % respecto ao ano 2020.

Os instrumentos baseados en *Business Intelligence* convértense por primeira vez na tecnoloxía disruptiva máis implantada no sector TIC galego, cunha presenza do 48,6 % das empresas, tras medrar un 36,5 % no último ano e un 86,9 % desde 2020.

Finalmente, destaca tamén o importante incremento da impresión 3D, utilizada ou comercializada polo 26,5 % das empresas TIC galegas, case triplicando a súa presenza respecto ao ano anterior.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-tecnoloxias-disruptivas-no-sector-tic-2024>



No Pleno do ano 2025, o OSIMGA comprometeuse á elaboración do segundo estudo específico sobre tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial galego, no marco dos obxectivos definidos pola Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030).

O principal obxectivo desta análise é coñecer o grao de implantación e evolución de tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial galego, entre elas a Intelixencia Artificial, a analítica avanzada de datos, os chatbots, o Cloud Computing, o Blockchain ou outras solucións vinculadas á transformación dixital empresarial.

O estudo toma como referencia os resultados do informe "Galicia. A economía en dixital. A Sociedade da Información nas Empresas de Galicia. Edición 2024. A información empregada procede da "Encuesta sobre uso de TIC y comercio electrónico en las empresas" elaborada polo INE e facilitada en Galicia a través do IGE.

Intelixencia Artificial

A adopción da Intelixencia Artificial (IA) no tecido empresarial galego mostra unha tendencia clara ao crecemento. Este incremento, que entre 2023 e 2024 foi notable, chegando ao 13,1%.

As solucións de IA máis empregadas polas empresas con 10 ou máis traballadores/as son a análise de datos mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis demandada é conversión de linguaxe falada en formato lexible para a máquina. O sector de servizos destácase como o principal motor desta transformación dixital, liderando o uso de solucións baseadas en IA tanto en empresas grandes como en microempresas.

CLOUD COMPUTING

A compra de servizos de Cloud Computing aumentou nun 16,5% nas empresas de 10 o máis empregados con sede e/ou actividade en Galicia, acadando o 36,1% e superando a media estatal (31,7%). Nas microempresas a compra destes servizos acada o 6,1%.

ANALÍTICA DE DATOS

O 34,4% das grandes empresas con sede ou actividade en Galicia realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados, mentres nas empresas do estado faino o 31,4%.

Tanto nas empresas de 10 ou máis empregados como de menos de 10, as fontes de datos máis utilizadas son o rexistro de Transaccións: detalles de vendas ou de pagos e os datos sobre clientes: información de compras do cliente, localización, preferencias, valoracións e recomendacións, buscas ou datos do sistema de relación co cliente (CRM) ou do sitio web

<https://www.osimga.gal/gl/informes/tecnoloxias-disruptivas-nas-empresas-edicion-2024>



Colaboración co Consello Galego das Mulleres nun estudo sobre a relación das galegas coas TIC

A Amtega, a través do Osimga, colaborou co Consello Galego das Mulleres facilitando indicadores informando da publicación dos estudos específicos que estivesen centrados na perspectiva de xénero como son “Mulleres en dixital: o uso das TIC desde unha perspectiva de xénero” e “As mulleres no sector TIC”.

De todos os xeitos, hai que indicar que Osimga, tal e como marcan as boas prácticas estatísticas sobre xénero, procura facilitar todas as estatísticas desagregadas por mulleres e homes para achegar unha visión crítica sobre as posibles desigualdades ou fendas na dixitalización na sociedade e nas empresas.



Aprobación Proxecto 4103-01-OE06: Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia

Durante o ano 2025 aprobouse a renovación e actualización do proxecto técnico 4103-01-OE06: Estatística da Administración Electrónica na Xunta de Galicia, co obxectivo de adaptar os indicadores ás novas necesidades de análise da transformación dixital da Administración autonómica e aos avances recollidos na Estratexia Galicia Dixital 2030.

No marco deste proceso revisáronse os indicadores existentes e incorporáronse novas métricas e fontes de información que permiten ofrecer unha visión máis completa, actualizada e detallada da evolución da Sociedade da Información e da dixitalización da Administración pública en Galicia. Para este fin mantivéronse reunións de coordinación con diferentes departamentos da Administración autonómica co obxectivo de identificar novas formas de medición da dixitalización, tanto desde a perspectiva da oferta de servizos públicos dixitais como do nivel de utilización e interacción da cidadanía con estes servizos.

Como resultado desta actualización metodolóxica, aplicáronse os cambios correspondentes tanto no sistema de indicadores difundido polo OSIMGA como no informe anual da Administración Dixital da Xunta de Galicia, mellorando a capacidade de seguimento e análise da evolución da administración electrónica na Comunidade Autónoma.



Renovación do Proxecto 4103-02-OE06: Estatística da administración dixital nos concellos galegos

No marco das actuacións metodolóxicas impulsadas polo OSIMGA, aprobouse en 2025 a renovación do proxecto técnico 4103-02-OE06: Estatística da Administración Dixital nos Concellos Galegos, integrado no Eixe Transversal de Especialización Tecnolóxica da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Ao longo deste proceso realizouse a revisión e actualización dos indicadores asociados á dixitalización da administración local galega, identificando novas necesidades de información e revisando as fontes estatísticas dispoñibles nos distintos departamentos e organismos implicados. Así mesmo, desenvolveuse un traballo de coordinación e consenso técnico co Instituto Galego de Estatística (IGE) co obxectivo de adaptar o proxecto ás novas realidades da administración dixital e á evolución dos servizos públicos electrónicos municipais.

Esta actualización permitiu incorporar novos indicadores destinados a medir tanto a evolución da oferta de servizos dixitais nos concellos galegos como o nivel de uso e interacción da cidadanía coa administración electrónica local. Os cambios aprobados aplicáronse tamén aos sistemas de indicadores e instrumentos de análise estatística difundidos polo OSIMGA para o seguimento da transformación dixital das administracións locais galegas.



Renovación da Páxina WEB do Osimga

En 2025 o OSIMGA levou a cabo un proceso de renovación e modernización da súa páxina web co obxectivo de mellorar a accesibilidade, funcionalidade e experiencia de navegación das persoas usuarias, así como adaptar os contidos ás novas necesidades informativas da cidadanía, empresas e administracións públicas.

No marco desta actualización realizouse unha revisión integral dos contidos, da estrutura da información e dos elementos visuais do portal, incorporando novas funcionalidades orientadas a facilitar o acceso ás estatísticas, informes, ferramentas interactivas e recursos de difusión relacionados coa Sociedade da Información en Galicia.

A renovación da web permitiu tamén avanzar na integración de novos formatos de divulgación e visualización de datos, reforzando o papel do portal como principal canle pública de difusión das actividades, estudos e indicadores elaborados polo OSIMGA.

Este proceso de actualización continuará ao longo de 2026, coa incorporación de novos contidos, melloras funcionais e adaptacións derivadas das necesidades detectadas entre a poboación usuaria e da evolución dos servizos dixitais e estatísticos ofrecidos polo Observatorio.

Adaptación do cadro de mando dinámico para difusión do novo sistema de indicadores



En 2025 realizouse a adaptación do cadro de mando dinámico do OSIMGA ao novo sistema de indicadores da Sociedade da Información en Galicia, en coordinación coa renovación dos proxectos técnicos estatísticos desenvolvidos no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.



Esta actuación permitiu actualizar a estrutura, funcionalidades e contidos da ferramenta baseada en tecnoloxías Business Intelligence (BI), mellorando a difusión, consulta e explotación da información estatística publicada polo Observatorio. O cadro de mando constitúe unha ferramenta interactiva de consulta dinámica de datos que facilita o acceso ás estatísticas sobre dixitalización en Galicia mediante filtros personalizados, series temporais, representacións gráficas e diferentes niveis de desagregación territorial e temática.

A adaptación realizada incorporou tamén os novos indicadores derivados da actualización dos proxectos técnicos, así como melloras na integración coa nova web do OSIMGA, reforzando a accesibilidade e usabilidade da información pública difundida polo Observatorio.

Acceso ao cadro de mandos:

<https://www.osimga.gal/gl/cadro-de-mandos>

Vídeos – píululas informativas para presentar os principais informes do OSIMGA



O OSIMGA, tentando chegar cada vez a máis ámbitos sociais na súa difusión da información sobre o estado e o retos de Galicia Dixital, continua a empregar en 2025 unha ferramenta iniciada en 2023, coa produción de vídeos duns dous minutos, relacionados coas temáticas dos distintos informes, amosando os principais resultados.



Creouse unha nova sección na web OSIMGA.GAL onde se van colgando vídeos explicativos dos resultados dos informes realizados polo Observatorio. Presentan datos destacados das estatísticas e informes da sociedade dixital que se vaian publicando. A sección está accesible dende o menú principal de OSIMGA.GAL.

As temáticas dos vídeos de 2025 foron “Galicia, a nosa vida en dixital. A sociedade da información nos fogares galegos”, “Galicia Dixital. Informe sobre a modernización tecnolóxica no rural”, “Galicia dixital, a sociedade da información nas empresas galegas”, “Informe da Ciberseguridade nas empresas galegas.”.

<https://www.osimga.gal/gl/listado-videos>

5- ACTUACIÓNS E PROXECTOS


Durante o ano 2025, co fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, o Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) desenvolveu unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

A continuación, preséntanse todos os proxectos realizados polo OSIMGA ao longo do ano 2025, organizados en base a cinco liñas de actuación estratéxicas. Para cada un dos proxectos identificados expoñerase a súa descrición e características máis relevantes.

Todos os informes de carácter xeral e os estudos temáticos do OSIMGA distribúense libremente na Rede baixo licenza Creative Commons e poden consultarse na web do Observatorio www.osimga.gal



Liñas de actuación estratéxicas



5.1.-LIÑA 1: Informes de carácter xeral

O OSIMGA continúa a análise da evolución do equipamento e uso das TIC nos principais colectivos socioeconómicos de Galicia: os fogares e a cidadanía, as empresas, o sector TIC e a Administración.



5.1.1.-Fogares

Os fogares galegos de menos de 5.000 habitantes alcanzan o 90,6% de contratación de Internet en 2024.



- En termos absolutos, 924.162 fogares galegos onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos ten contratado Internet, o que representa un incremento de 55.208 fogares nos últimos catro anos.
- O 86,3% dos fogares galegos con conexión a Internet dispoñen dunha velocidade superior aos 30 Mbps, un incremento do 23,8% dende ano 2021.
- A porcentaxe de persoas entre 65 e 74 anos que usan Internet ascende ao 74,8%, cun incremento notable do 13,5% respecto ao ano anterior.
- O 67,4% da poboación galega mercou por Internet en 2024, cun incremento do 5,5% desde o último ano.
- Existe un crecemento continuo do número de internautas galegos/as, que suben un 2,6% respecto ao ano anterior. En termos absolutos, 1.871.307 galegos/as de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, 113.114 internautas máis nos últimos catro anos.
- Galicia incrementou os usuarios activos de Internet nun 5% dende o ano 2021, fronte ao 2% do conxunto de España e o 4,3% da Unión Europea.
- As actividades dixitais máis frecuentes inclúen a busca de información sobre bens e servizos (92,9%), as videoconferencias (92,9%), a lectura de noticias en liña (85,5%) e o uso da banca electrónica (81,6%).

Este informe foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estrutural a fogares" e posteriormente analizados polo OSIMGA, co fin de avaliar a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega.

O estudo analiza a información subministrada en 2025 con datos de 2024 onde se recolle a información de 7.829 fogares e 15.721 persoas de 16 a 74 anos.

Esta tendencia tamén se reflicte nos concellos máis rurais, onde se acada o 90,6% de fogares conectados. Así mesmo, observouse un aumento significativo na contratación de conexións de alta velocidade: o 65,2% dos fogares contan con conexións superiores aos 100 Mbps, fronte ao 30% en 2021.

Durante o ano 2025 desenvolveuse a recollida de datos dunha nova edición da enquisa. Os resultados desta enquisa publicaranse durante o mes de xullo do 2026 segundo coordinación da publicación deste estudo co IGE.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-nosa-vida-en-dixital-edicion-2024>

5.1.2.-Empresas

- O 13,1% das empresas con 10 ou máis traballadores/as que teñen sede ou desenvolven actividade en Galicia fan uso da Intelixencia Artificial, superando en 3,5 puntos porcentuais a media do conxunto do Estado.
- No último ano, nas microempresas, o uso da Intelixencia Artificial incrementouse máis de 3 puntos, pasando do 2,2% ao 5,3% no conxunto das empresas.
- Mantense estable a porcentaxe de empresas con especialistas TIC que emprega mulleres especialistas TIC. Acadan o 52,5% nas grandes empresas galegas.
- O 20,5% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, contan con persoal de perfil TIC, superando a media estatal (15,7%).
- As vendas por comercio electrónico mantéñense estables, destacando un lixeiro aumento nas microempresas, que pasan do 11,8% ao 12,5% (+5,9%).
- Incrementábase nun 17,7% a porcentaxe de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede e actividade en Galicia que teñen velocidade contratada maior o igual que 100 Mb/seg, pasando do 58,9% ao 69,3% das empresas no último ano.

Galicia supera a media estatal no uso da intelixencia artificial nas grandes empresas con sede ou actividade en Galicia



A información que se presenta procede da “Enquisa sobre o uso de TIC e do comercio electrónico nas empresas. Ano 2023 - Primeiro trimestre do ano 2024” do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.

Ademais, o devandito convenio permite a ampliación de datos referidos a:


1. Microempresas.
2. Indicadores de comercio electrónico.
3. Datos específicos das empresas multilocalizadas. Diferenza entre empresas con sede fóra de Galicia e que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega, daquelas con sede e actividade en Galicia.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-economia-en-dixital-sociedade-da-informacion-nas-empresas-de-galicia-edicion-2024>

5.1.3.-Sector TIC

- O emprego no sector TIC crece un 2,2% no último ano, e xa xera 23.993 empregos directos en Galicia.
- O Valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego foi de máis de 1.900 millóns de euros, o 2,58% do PIB total de Galicia.
- O 67,4% das empresas tecnolóxicas galegas usan a Intelixencia Artificial, co que crece un 76% no último ano.
- No último ano, o uso de Big Data increméntase ata o 36,6% (cun crecemento relativo do 4,6%) e, ademais, obsérvase unha maior implantación no sector TIC galego de tecnoloxías como Business Intelligence (52,4%), Blockchain (45,8%) e Internet das Cousas (38,1%).
- O sector TIC precisa persoal altamente cualificado, o 37,9% ten titulación superior de enxeñerías, ciencias, matemáticas ou informática.
- A porcentaxe de empresas TIC que venden os seus produtos a través do comercio electrónico no último ano acadou o 34%, o que supón un crecemento relativo do 1,8% respecto ao ano anterior.
- O peso das vendas a través do comercio electrónico respecto ao volume de negocio das empresas TIC permanece estable, situándose nun 61,7%.

No 2025, o uso da Intelixencia Artificial nas empresas TIC galegas é do 67,4%



Son datos recollidos no informe “Galicia dixital: o sector TIC de Galicia”, correspondente ao ano 2025, publicado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en base aos últimos datos rexistrados do sector e a unha enquisa realizada entre maio e xuño de 2025, recollendo indicadores novos respecto a edicións anteriores sobre ciberseguridade e novas tecnoloxías disruptivas.

Este é un estudo de referencia do sector empresarial TIC galego que realiza OSIMGA, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Presenta información directa de 465 empresas tecnolóxicas galegas.

Os datos refírense ao informe do sector TIC 2025, aínda non publicado. O informe de sector TIC 2025 publicarase o próximo 4 de xullo de 2026.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-o-sector-tic-en-galicia-edicion-2024>

5.1.4. Administración dixital

O 82,9% das persoas internautas contactaron coa administración online, destacando a xestión de citas, acceso á información e solicitudes de certificados como usos en crecemento.



Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/administracion-dixital-na-xunta-de-galicia-2025>

A Administración dixital na Xunta de Galicia:

- O 100% dos procedementos autonómicos poden iniciarse online (2.195 en total, +3,1%), incluíndo o 99,1% das axudas e subvencións.
- O 95% dos procedementos acadan polo menos o nivel básico, mentres o 27,5% xa son totalmente dixitais.
- Os expedientes electrónicos soben ata 1.495.954 en 2024 (+1,8%) e as persoas usuarias activas de Chave365 superan os 1,5 millóns (+2,3%).
- O 81,5% das solicitudes e queixas trámitanse online e o 85,5% dos rexistros xa son electrónicos.
- Máis de 11 millóns de documentos asinados electronicamente e un 12,8% máis de notificacións a través de Notifica.gal.
- O portal da Xunta recibe arredor de 867.000 visitantes mensuais e as redes sociais superan os 3,66 millóns de seguidores.
- Impulso aos datos abertos: 533 conxuntos de datos dispoñibles, con case 26.000 descargas en 2024.

Estatística da administración dixital nos concellos de Galicia:

A enquisa sobre a eAdministración nos concellos de Galicia é bianual. En 2025 non se publicou unha nova edición deste informe senón que se actualizou o cuestionario e desenvolveuse o traballo de recollida de datos na primeira metade do ano 2026.

5.2.-LIÑA 2: Estudos temáticos

No ano 2025 o OSIMGA tamén publicou diversos estudos monográficos. Teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación, así como servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboráronse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector, ou ben, a partir da recompilación da documentación e datos existentes en fontes de información externas.

A continuación preséntanse as áreas temáticas e colectivos específicos analizados polo OSIMGA no ano 2025. Para cada unha destas áreas estratéxicas de interese, realizouse un estudo temático do que se expoñen a súa descrición e características máis relevantes.



5.2.1.- Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural

A contratación de internet de banda larga no rural segue crescendo e supera xa o 91% dos fogares.

máis persoas.



- Aumenta a presenza de ordenadores e dispositivos nos fogares rurais, achegándose aos niveis urbanos.
- A conectividade é case universal: a internet chega ao 91,9% dos fogares rurais en 2024, reducindo a fenda coas cidades; supera o 98% en fogares de 3 ou máis persoas.
- Máis do 90% da poboación rural é internauta, sen brecha de xénero, aínda que persisten diferenzas por idade. O uso de Internet supera o 99% entre os menores de 45 anos.
- O 56,2% compra online (+3,5 puntos), superando o 80% entre os menores de 45 anos.
- O 82,1% da poboación rural utiliza servizos dixitais públicos, con máis do 56% en todos os grupos de idade.

Os obxectivos que persigue este estudo son avaliar a contratación de Internet e o uso das TIC no medio rural galego, a partir de datos obtidos no marco do convenio asinado co IGE. Utiliza como fonte de información a Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o Instituto Galego de Estatística e a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE, incluíndose como variable de análise a dispersión territorial na relación coa Sociedade da Información.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-modernizacion-tecnologica-no-rural-edicion-2024>

No seguinte gráfico pódese observar o desenvolvemento metodolóxico aplicado polo IGE na definición de ruralidade.



Ligazón á metodoloxía: definida polo IGE:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas_Rev.pdf

5.2.2.-Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero

As mulleres de Galicia de entre 45 e 64 anos utilizan máis internet que os homes.



- O 94,3% das mulleres galegas declara que utilizou a rede nos últimos tres meses, fronte ao 93,5% dos homes.
- O 96,4% das mulleres usaron dispositivos electrónicos conectables a internet, unha porcentaxe que tamén é superior ao do seu uso por parte dos homes
- O 67% das mulleres e o 67,7% dos homes mercan por internet, aínda que entre as persoas menores de 55 anos destaca unha maior participación feminina na compra online.
- As mulleres declaran usar internet máis ca os homes para comunicación (chamadas e videoconferencias), xestión de citas médicas e aprendizaxe online.

Este estudo ten coma obxectivos analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia, así como estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo, seguindo os eixos do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.

O informe confirma que Galicia consolida a práctica ausencia de fenda dixital de xénero, mantendo a tendencia dos últimos anos na que as mulleres presentan un lixeiro liderado no uso das TIC. En concreto, o 96,4% das mulleres emprega dispositivos electrónicos e o 94,3% utiliza internet, cifras lixeiramente superiores ás dos homes, nun contexto de uso moi equilibrado entre ambos sexos.

O acceso e uso das tecnoloxías é practicamente universal ata os 44 anos, mentres que a partir desa idade as mulleres amosan unha maior actividade dixital, con diferenzas que se incrementan nas franxas máis altas. Ademais, destacan por un uso máis intensivo de internet, especialmente en actividades como a comunicación, a xestión de citas médicas e a aprendizaxe online.

No ámbito do comercio electrónico observouse un nivel de uso moi similar entre mulleres (67%) e homes (67,7%). Non obstante, as mulleres lideran as compras online entre a poboación menor de 55 anos. Presentan tamén unha maior utilización da administración electrónica, ao igual que citas co médico e en xeral os servizos de información e comunicación online.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/mulleres-en-dixital-o-uso-das-tic-desde-unha-perspectiva-de-xenero-edicion-2025>

5.2.3.-Software libre nas empresas TIC de Galicia

Case seis de cada dez empresas tecnolóxicas de Galicia utilizan software libre



- Máis da metade das empresas tecnolóxicas declaran que adoitan usar máis o software libre que o privativo (57,4%).
- O 46,7% das empresas TIC galegas ofrece software, e case a metade delas (46,2%) comercializa solucións libres.
- Os produtos de software máis ofertados polas empresas TIC son “Sistemas, servizos de virtualización, servidores e aplicacións na nube” (56,8%), “Xestión de negocio (ERP, CRM, BI, xestión documental) (53,8%), e “Xestión de contidos, páxinas web e márketing dixital” (53,2%).

A través da Amtega, a Xunta de Galicia, xunto cos principais axentes do software, elabora un Plan anual para incentivar e difundir o software libre na Administración, nas empresas e entre a cidadanía. Entre as actuacións do devandito Plan figura a análise dos principais indicadores de software libre. Así a elaboración deste estudo responde aos compromisos asumidos neste Plan e difunde os resultados da implantación e uso do software libre e o papel das empresas TIC como provedoras de software libre en Galicia.

Os datos proceden da enquisa a empresas TIC que realiza OSIMGA.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/o-software-libre-no-sector-tic-de-galicia-en-2024>

5.2.4.-Galicia Dixital: Software Libre nas Empresas de Galicia

No 2024, continúa a reafirmarse a importancia que ten a utilización do software libre nas microempresas de 0 a 9 empregados/as, onde 67,2% emprega solucións libres.

- As tipoloxías de software libre que máis presenza teñen nas empresas galegas son os navegadores de Internet, as Aplicacións Ofimáticas e os Sistemas Operativos.
- Os navegadores de Internet son o recurso de código aberto que máis destaca nas empresas galegas. Nas empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia está presente no 95,5% das empresas que dispoñen de ferramentas de código aberto e nas microempresas nun 93%.
- As aplicacións libres de Big Data lideran o crecemento, cun incremento do 45% no seu uso nas empresas TIC galegas de 10 ou máis persoas empregadas.
- Galicia destaca a nivel estatal, situándose como terceira comunidade no uso de aplicacións libres de xestión empresarial (ERP e CRM), cun 33,5% nas empresas de maior tamaño.

9 de cada 10 empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia (90%) empregan software libre



Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas. Este acordo de colaboración asinado proporciona unha ampliación dos indicadores de Software libre para Galicia.

Os datos proceden principalmente da explotación a Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas que realiza o INE.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/software-libre-nas-empresas-de-galicia-2024>

5.2.5. As Mulleres no Sector TIC.

O Sector TIC rexistrou 7.291 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 31,1% dos traballadores/as do sector, no ano 2024.



- No 2024, 9.768 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego, o que representa o 33,6% dos empregos.
- O Sector TIC rexistrou 7.291 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 31,1% dos traballadores/as do sector, no ano 2024.
- O maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.987 traballadoras no ano 2024 (+5,2% respecto ao ano anterior).
- No Sector Contidos o número de mulleres traballadoras acada no 2024 as 2.477, o que supón un incremento do 1,9% dende o 2023.
- A evolución da presenza da muller no subsector contidos aumenta no último ano case un punto ata 44% tras permanecer moi estable arredor do 41,5% dende 2015.
- En canto aos roles nas empresas, a muller segue a estar infrarrepresentada nos postos de liderado, pero sobre todo nos postos técnicos, os máis numerosos na empresa. O 55,3% do persoal son homes en tarefas técnicas, por só o 18,1% de mulleres técnicas.

Este estudo ten coma obxectivos presentar datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.

Tamén serve para identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas e analiza o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

A información analizada provén da enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas e das afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/mulleres-no-sector-tic-edicion-2024>


5.2.6.-O Hipersector TIC

O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC galego medra un 8,2%, con máis de 270 millóns de euros adicionais.

- Galicia acada arredor de 4.189 de empresas TIC e de contidos, mantendo unha tendencia de crecemento sostido.
- O avance do hipersector TIC consolida a creación de emprego, superando os 29.000 postos de traballo.
- O valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 8,2% no último ano, ao crecer máis de 270 millóns.
- No sector TIC, o VEB achégase aos 2.000 millóns de euros, cun crecemento do 9,6% no último ano, aumentando en máis de 170 millóns de euros. O sector contidos permanece practicamente nas mesmas cifras do ano anterior cun valor engadido bruto de 284.313 euros.



Empresas do Hipersector TIC por áreas comarcais



<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-o-hipersector-tic-en-galicia-edicion-2026>

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar estas actividades considerouse como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE nos que se definen os sectores económicos encadrables dentro da categoría TIC ou Contidos.

5.2.7.-A sociedade da Información e os Autónomos de Galicia



Máis do 82% das persoas autónomas galegas dispoñen de ordenador para uso profesional.

- Máis do 80% dos autónomos teñen internet fixo (70,3% con máis de 100 Mbps), pero a presenza online aínda é limitada (21,1% con web e 12,3% con vendas online).
- No 2024, Só o 12,3% dos autónomos/as galegos realizan vendas online, o que amosa unha implantación aínda limitada do comercio electrónico neste colectivo.
- O 21,1% conta con páxina web e a publicidade online e do 9,1% entre os autónomos galegos
- O uso da intelixencia artificial entre os autónomos galegos medra lixeiramente ata o 3,7% en 2024, cun incremento superior a 1 punto respecto ao ano anterior. As principais solucións empregadas concéntranse no procesamento da linguaxe, destacando a conversión de voz a texto (58%), a análise de texto (55%) e a xeración de contido escrito ou falado (42%).

Este estudo analiza comparativamente o uso da Sociedade da Información por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas.

Este informe constitúe un elemento de diagnóstico para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/sociedade-da-informacion-nosas-autonomos-en-galicia-edicion-2024>

5.3.-LIÑA 3: Proxectos en colaboración co IGE e no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026

Durante o ano 2025 a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA e o Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolveron varias liñas de colaboración no que se refire á coordinación da realización das enquisas no ámbito dixital, atendendo aos criterios de máxima eficiencia e eficacia na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Algúns resultados desta intensa colaboración entre a Amtega, a través do OSIMGA e o IGE son:

O OSIMGA deu cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025 e obtivo un 100% de execución nos seus proxectos estatísticos.



No ano 2024, renováronse os dous Convenios de Colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas por un período de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis. Esta cooperación afianza a eficiencia e a rigorosidade da estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica na área das tecnoloxías da información e consolida a calidade dos indicadores existentes no ámbito dixital.

Os proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e as operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade de execución recaeu na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA durante o ano 2025 son os seguintes:

Código	Proxectos en colaboración co IGE e Operacións e actividades estatísticas do VI Plan Galego de Estatística
	Convenios de colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas
4106-01-AE06	Galicia dixital: a modernización tecnolóxica no rural.
4101-02-OE06	Galicia dixital: Sistema de indicadores
4102-01-OE06	Galicia dixital: o sector TIC de Galicia
4103-01-OE06	A administración dixital na Xunta de Galicia
4103-02-OE06	Estatística da administración dixital nos Concellos de Galicia
4102-02-AE06	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

A continuación, preséntase unha breve descrición dos proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e o INE.

5.3.1.- Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e o INE.

Unha importante liña de traballo do OSIMGA é a colaboración establecida co Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia, e que frutificou coa firma dun convenio de colaboración entre estas entidades. Durante o ano 2024, renovouse esa cooperación para os seguintes catro anos, con posible prórroga de catro anos máis.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información para divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.

Esta colaboración permite a inclusión anualmente dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na “Enquisa Estrutural a Fogares” que realiza o IGE, o que evita duplicidades, e supón un aumento de mostra das enquisas a fogares respecto ao número de enquisas que facía o OSIMGA.

O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, dunha ampliación dos datos da “Enquisa de uso das TIC e comercio electrónico nas empresas” do INE, especialmente no referido ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, así como datos de comercio electrónico e microempresas galegas.

5.3.2.-[4106-01-AE06] Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural



Este proxecto avalía de xeito específico a sociedade dixital no medio rural galego.

Este estudo utiliza a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE e baseada, á súa vez, na metodoloxía empregada por Eurostat.

5.3.3.-[4101-02-OE06] Galicia Dixital: Sistema de Indicadores

Cumprindo o programa estatístico anual para o ano 2025, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 33 indicadores que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento nos últimos catro anos.

https://www.osimga.gal/sites/default/files/documentos/si2025_indicadores.pdf



5.3.4.-[4102-01-OE06] Galicia Dixital: o sector TIC de Galicia



Dende o ano 2010 o OSIMGA realiza a Enquisa ás Empresas TIC de Galicia, a única enquisa oficial neste sector específico, incluída no Plan Galego de Estatística 2022-2026.

O proxecto técnico desta operación estatística foi aprobado polo Consello Galego de Estatística, outorgando así un aval de calidade e certificando a rigorosidade deste estudo realizado anualmente polo OSIMGA.

5.3.5.-[4103-01-OE06 e 4103-02-OE06] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos



En 2025, cumprindo os compromisos do Plan Galego de Estatística, 2022-2026 publicouse o informe sobre a Administración Electrónica na Xunta de Galicia e o informe da Administración electrónica nos Concellos de Galicia. Tamén se realizou o traballo de campo correspondente á Administración electrónica nos Concellos de Galicia

5.3.6.-[4102-02-AE06] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

O propio Observatorio presenta a condición de actividade estatística e adquire o compromiso de publicar unha selección de indicadores relativos ás empresas e microempresas galegas, converténdose na única fonte de información que publica estes datos estatísticos específicos para Galicia.




5.4.-LIÑA 4: Sistema de información e vixilancia



O Decreto 21/2010 define o OSIMGA como órgano asesor e como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

Durante o ano 2025, o Observatorio ofreceu á sociedade galega a través da súa web información actualizada sobre o grao de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

5.4.1- Web OSIMGA www.osimga.gal



A web do OSIMGA púxose en marcha no ano 2011. Ao longo destes anos producíronse moitos cambios e avances tecnolóxicos na forma de visualizar e presentar a información e no xeito de acceder á ela por parte dos usuarios finais (tablets, móbiles, etc.).

A web do OSIMGA permite a navegación dende diferentes dispositivos, dispoñendo en todos eles do mesmo aspecto visual e adaptado ao dispositivo (deseño responsive).

No ano 2022 adaptouse a web de OSIMGA á nova imaxe corporativa da Xunta de Galicia, incorporando logos, tipografías e códigos de cores adaptados á última actualización.

En 2023 creouse a nova sección de Vídeos, para organizar e agrupar as pímulas divulgativas asociadas a algúns dos informes publicados. Ademais creouse un espazo para que os propios vídeos se publicasen anexos aos informes aos que fan referencia. Estas pímulas

informativa alóxanse na canle de YOUTUBE de AMTEGA, nunha lista de reprodución específica de OSIMGA.

Tamén se creou un subapartado dentro de “Estatísticas” para a difusión dos indicadores de “Tecnoloxías dixitais avanzadas nas empresas”, tendo así un espazo exclusivo. Ata o de agora víñanse publicando xunto ao informe de uso das TICs nas empresas.



Os vídeos son publicados na canle de Amtega en youtube, dende onde son compartidos na web de OSIMGA: anexos aos informes e no apartado específico creado na web.



<https://www.youtube.com/playlist?list=PLzjS7csrF1HOnwvhyt5xI9-aBoUzYqaw>

Memoria de Actividade do OSIMGA 2025

No 2025 aplícase unha renovación completa da imaxe e funcionalidades da web. Renóvase especialmente a portada, onde se previsualizan os informes, as últimas novas e algúns indicadores destacados.

Aparecen 5 indicadores visibles por defecto, con ligazón aos informes relacionados.

Unha selección de últimas novas, con filtros por temática.

Unha selección de informes máis recentes, que tamén se poden filtrar por temáticas.



Distribuíuse un boletín por trimestre, onde se dá conta aos subscritores dos novos informes, notas de prensa, vídeos e publicacións de cada período.



A web do OSIMGA é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

A través da súa web e do seu boletín trimestral de actualidade, que conta xa con 3.353 subscritores, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información.

Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de modo cronolóxico e temático, da evolución da dixitalización en Galicia.

5.4.2- Vixilancia e análise de fontes de información externas

Xunto coas labores vinculadas ás observacións propias, o OSIMGA continuou en 2025 coas tarefas de vixilancia e análise de fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se analizan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Algunhas fontes de información externa analizadas en 2025 foron:



5.4.3 OSIMGA nos medios

Como parte do proceso de información e vixilancia, OSIMGA recolle o impacto nos medios de comunicacións da súa actividade.

No 2025 a presenza da actividade do OSIMGA nos medios é notable, tendo máis impacto a nivel autonómico tanto nos canais dixitais como impresos, difundíndose as súas novas e informes en 37 medios de comunicación diferentes. O número total de citas de informes de OSIMGA en medios de comunicación acadou as 111. Cabe subliñar o aumento do peso das publicacións de “empresas”, que se explican pola publicación dun novo informe, o de “ciberseguridade nas empresas”, cunha difusión significativa.

Figura 6. Citas anuais de informes de OSIMGA en medios de comunicación





Figura 7. Citas anuais de informes de OSIMGA en medios de comunicación por temática



5.5.-LIÑA 5: Colaboracións

O OSIMGA deu continuidade durante o ano 2025 ao importante capítulo das colaboracións, intercambiando información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.

No ano 2025, ó igual que nos anos anteriores, cabe destacar a sinerxía establecida entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE, abrindo liñas de colaboración en distintos ámbitos de observación. A continuación, relaciónanse as principais entidades coas que cooperou o OSIMGA e descríbense os principais resultados desta colaboración.

O OSIMGA facilitou tamén datos a outros organismos e entidades, atendendo a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas



ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

DESCRICIÓN

A renovación do Convenio de Colaboración asinado entre Amtega e o IGE en 2024 permitiu dar continuidade á integración dos indicadores relativos á dixitalización na poboación de Galicia dentro da enquisa de "Estrutural a fogares" realizada polo IGE e unha explotación ad-hoc de datos sobre a implantación da dixitalización nas empresas de Galicia, facilitados polo IGE e procedentes da "Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas" realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Red.es (ONTSI)

Consulta de datos e informes sobre a evolución das TIC a nivel estatal

ÁMBITO:
SISTEMA DE
INDICADORES E
ESTUDOS TEMÁTICOS

DESCRICIÓN

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia da Sociedade da Información que publica o Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI).

Unidade de Muller e Ciencia

Elaboración de estudos temáticos sobre a situación laboral da muller tecnóloga e análise dos indicadores da Sociedade da Información desde a perspectiva de xénero.



ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

DESCRICIÓN

Desde que en xuño de 2010, a Amtega entrase a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA. O Observatorio realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, solicitando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin de impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.

Consello Galego das Mulleres

Colaboración na realización do informe A situación das mulleres galegas e as TIC. Ano 2025



DESCRICIÓN

Osimga a achegou indicadores para contribuír á elaboración do informe sobre a situación das mulleres galegas e as TIC.

ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

OBSAE

Galicia colabora no grupo de traballo "Observatorio, Medidas e Indicadores" do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que participan todas as Comunidades Autónomas.



DESCRICIÓN

O OSIMGA segue a colaborar co "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

ÁMBITO:
ADMINISTRACIÓN

Seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030

Achegas de datos para o seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030



DESCRICIÓN

O OSIMGA proporcionou datos para o seguimento do cadro de mando da EGD 2030, a folla de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, que foron incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

ÁMBITO:
XERAL

GIASTECH

O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial.



DESCRICIÓN

O OSIMGA estableceu unha proveitosa colaboración con GIASTECH, facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

ÁMBITO:
EMPRESAS

Plan eConcellos

Apoio na recollida de datos da enquisa para o estudo "A Administración electrónica nos concellos galegos".



DESCRICIÓN

Apoiouse á actualización de contidos e renovación do cuestionario para a enquisa sobre a Administración electrónica nos concellos de Galicia en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico Plan eConcellos, o instrumento da Xunta de Galicia para impulsar a eAdministración nos municipios galegos.

ÁMBITO:
ADMINISTRACIÓN

CIBERSEGURIDADE

Colaboración na elaboración do Informe de Ciberseguridade en Galicia



DESCRICIÓN

Achega dos indicadores de Ciberseguridade en Galicia nos ámbitos da cidadanía, a administración, as empresas e o sector TIC para a elaboración do Informe de Ciberseguridade en Galicia

ÁMBITO:
XERAL

Achega de datos e indicadores para atender a demanda de información

Atención á demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



ÁMBITO:
XERAL

DESCRICIÓN

O OSIMGA facilita periodicamente información e indicadores sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia para a súa difusión en eventos ou foros, analiza as noticias de actualidade e da resposta ás consultas recibidas a través da web do OSIMGA.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027